



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

ACTA Nº 2026/10 SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Na Casa do Concello de Coirós, sendo as 14:03 horas do día 26 de maio de 2026, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Preside a sesión o alcalde-presidente D. Francisco Quintela Requeijo, asistindo os Sres/as. Concelleiros/as:

CONCELLEIROS PRESENTES

- D. Juan Carlos García Barreiro
- D^a. María Yolanda Valiño Pena
- D. Francisco Manuel Crespo Gómez

AUSENCIAS:

Ningunha

Actúa como secretaria María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Coirós.

Declarado aberto o acto, e dado que existe o quórum esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, comeza o debate dos asuntos incluídos na orde do día.

1.º Aprobación da acta da sesión anterior celebrada o 12 de maio de 2026.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Xunta de Goberno Local ten que formular algunha observación á citada acta.

Non habendo observacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 12 de maio de 2026.

2.º. Concesión de axudas

2.1. Aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000012.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aceptación de emerxencia social expediente 2026/S009/000012.

Visto o informe presentado pola Traballadora Social, M^a Rosario Cal Dopico, con data 13/05/2026, relativo a un caso de emerxencia social para o expediente 2026/S009/000012.

Consta providencia da Alcaldía e dilixencia “intervido e conforme” emitida pola secretaria-interventora municipal con data 25/05/2026.

Existe crédito axeitado e suficiente na partida “A familias e Institucións sen fins de lucro” partida 256.231.48 para facer fronte a este gasto por importe de 139,50 euros. Consta documento contable de retención de crédito nº 22060002452.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 do 13 de abril, o órgano competente para a concesión de “axudas directas cando se acrediten razón de interese público, social, económico ou humanitario que dificulten a súa convocatoria” é a Xunta de Goberno Local

Visto o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a petición de axuda económica por emerxencia social para cubrir as necesidades do expediente 2026/S009/000012, polos motivos expostos no informe social de data 13/05/2026 que consta no expediente.

SEGUNDO: Aprobar e ordenar o pagamento por importe de 139,50 euros, que se fará efectivo mediante transferencia bancaria á taxista de Coirós con licenza nº 4.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

Coirós, a 25 de maio de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3º. Padróns fiscais e dereitos de ingreso

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

3.1. PADRÓN FISCAL SAF ABRIL ANO 2026. Expediente: 2026/X998/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PADRÓN FISCAL SAF ABRIL ANO 2026.

NºExpediente: 2026/X998/000012

Vista a ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Coirós, publicada no BOP n.º 124 o 02/07/2014. É obxecto desta Ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo Concello de Coirós (artigo 1º).

Vista a relación de usuarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar, correspondente ó mes de abril de 2026 que se xunta á proposta elaborada polos servizos sociais municipais en data 18/05/2026.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de beneficiarios da prestación do servizo público municipal de axuda no fogar correspondente ao mes de abril de 2026, tal e como seguen:

USUARIOS: 39 usuarios con copagamento, e 3 beneficiarios están exentos de pagamento
IMPORTE: 2.047,47€

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LXCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será o 05/06/2026.

TERCEIRO.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á Tesouraría municipal, aos efectos oportunos.

Coirós, a data da sinatura dixital.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo”



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3.2. AUTORIZACIÓN ACOMETIDA. EXPTE: 2026/U010/000005

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: AUTORIZACIÓN ACOMETIDA. EXPTE: 2026/U010/000005

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 12.05.2026, que literalmente di:

“DATA: RE-999_427 (06/05/2026)
ASUNTO: AUTORIZACIÓN ACOMETIDA
INTERESADO: ESPINA & DELFIN SL B15026693
PRESENTADOR: Rocio Pérez González (****563**)
ABONADO: Maria Isabel Castrillón Teijo (****111**)
SITUACIÓN: **Coiros de Abaixo 9**
REF CAT: 7491208NH6879S0001MJ
DOCUMENTACIÓN: Solicitud de servizo. Uso doméstico

ANTECEDENTES:

1º/ Con RE-999_427 (06/05/2026) Rocio Pérez González (****563**) en representación da empresa ESPINA & DELFIN SL B15026693 (concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento) achega a seguinte documentación:

- Instancia xeral solicitando aprobación da solicitude conforme ao artigo 22 do Regulamento de Augas de Coirós
- Acreditación de representación
- Solicitud de servizo. DNI, recibo pago IBI, plano

DATOS:

DATOS DO ABONADO	Maria Isabel Castrillón Teijo (****111**)
REF. CATASTRAL	7491208NH6879S0001MJ
SERVIZOS SOLICITADOS	- Acometida abastecemento - Contrato/ alta abastecemento (Xa dispón de contrato e alta saneamento)
DOC. APORTADA art 7/22	- IBI - NIF Falta:
TARIFA PROPOSTA	Uso doméstico

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

DESCRINCIÓN DAS OBRAS	Rede existente abastecemento: PVC Ø63
	Acometida abastecemento: PEBD Ø32. 5m
	Extensión: -
ORZAMENTO:	918,67€
PLANO REDES	Existe rede de saneamento á que xa está conectada Existe rede de abastecemento á que solicita conexión
INMOBLE	Dato catastral: uso residencial dende 1970.

INTEGRIDADE DOCUMENTAL:

A documentación achegada considerase completa.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

- 1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM)
- 2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG)
- 3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro.
- 4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.
- 5- Lexislación sectorial de aplicación
- 6- Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento. (BOP 43 21/02/2008 modificado BOP 210 de 05/11/2012)
- 7- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e depuración de augas residuais (BOP 43 21/02/2008)
- 8- Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de rede de saneamento e Deputación

CLASIFICACIÓN/ CUALIFICACIÓN DO SOLO E NORMATIVA APLICABLE:

O ámbito obxecto do presente informe atópase en terreos clasificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Coirós como SOLO DE NÚCLEO RURAL.

Disposición transitoria primeira da LSA- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado ou sen planeamento establece no apartado 2.c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

As obras previstas para a acometida discorre segundo a documentación achegada por viario público.

O artigo 162 do PXOM de Coirós establece que o réxime urbanístico do sistema xeral de infraestruturas básicas e servizos será o previsto na lexislación sectorial correspondente.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

O artigo 92 da LSG establece que as construcións de cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4m do eixe da vía pública á que dean fronte agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. **O contador deberá situarse a unha distancia de 4m do eixo.**

DOMINIO PÚBLICO:

Coas obras pretendidas é necesario realizar obras no viario de titularidade municipal. As obras serán realizadas pola empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento municipal, servizo que segue a ostentar a condición de servizo público municipal.

TRAMITACIÓN E REGULACIÓN:

O artigo 2 do Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento establece que a concesionaria tramitará a executará as acometidas de subministros de auga e saneamento.

O artigo 22 establece que toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertido de augas residuais, fará unha solicitude ao servizo municipal de augas o cal realizará un informe das condicións necesarias para a conexión que entregará no concello para que proceda ao seu estudo e aprobación se o consideran oportuno.

A aprobación por parte do concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo a tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante antes de dar comezo ás obras.

Artigo 34 Regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento

Os abonados ao servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de 100 metros da rede pública, que quedarán obrigatoriamente fora de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

LEXISLACIÓN SECTORIAL:

Segundo os datos obrantes no Plan Básico Autonómico as afeccións sectorias nos terreos onde se pretenden as obras son:

CONCENTRACIÓN PARCELARIA

Os terreos onde se pretende obrar foron obxecto dun proceso de concentración parcelaria. Os PXOM con posterioridade clasificou este terreos como solo de núcleo rural. Non precisa autorización.

CONCLUSIÓN:

Non se ve inconveniente na realización da acometida de abastecemento á abonada Maria Isabel Castrillón Teijo (****111**) na vivenda con referencia catastral 7491208NH6879S0001MJ no lugar de Coirós de Abaixo 9.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Para que conste aos efectos oportunos en Coirós o 12 de maio de 2026

A arquitecta municipal.

Iria Pérez Miranda"

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Autorizar a acometida de abastecemento de auga para uso doméstico solicitada por María Isabel Castrillón Teijo *) na vivenda con referencia catastral 7491208NH6879S0001M en Coirós de Abaixo nº 9, consonte ao artigo 22 do Regulamento de Augas de Coirós.

Segundo.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, a 22 de maio de 2026.

O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4º. Licenzas urbanísticas e comunicacións previas

4.1. COMUNICACIÓN PREVIA PECHE DE PARCELA . EXPTE: 2026/U026/000027

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: COMUNICACIÓN PREVIA PECHE DE PARCELA . EXPTE: 2026/U026/000027

Visto o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Iria Pérez Miranda en data 18.05.2026, que literalmente di:

" INFORME TÉCNICO

EXPTE: 2025/U026/000027

DATA:	RE-297 (07/05/2026)
ASUNTO:	COMUNICACIÓN PREVIA PECHE DE PARCELA
SOLICITANTE:	María Purificación Seijas Roca (****21***)
SITUACIÓN:	Coirós de Arriba, 35
REF. CATASTRAL:	7889739NH6878N0001UG

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

P.E.M.: 5.500€+IVE
TAXA: pagado: 07/05/2025
ICIO (3,5%): pagado: 07/05/2025

Iria Pérez Miranda, arquitecta superior Colexiada número 3194 do COAG, tendo en conta a documentación obrante no Concello de Coirós e os antecedentes en relación ao citado expediente

Emite o seguinte **informe**:

ANTECEDENTES:

1º/ Con rexistro de entrada RE-297 (07/05/2026) Maria Purificación Seijas Roca (****21***) realiza a comunicación previa de obras achegando a seguinte documentación:

- Instancia de comunicación previa de obra
- Autoliquidación de taxa e ICIO. Pago en dependencias municipais
- Folla documentación de comunicación previa
- Copia DNI interesada
- Orzamento 5500€+IVE
- Croquis peche
- Situación sobre planeamento vixente
- Fotografías
- Consulta descritiva a gráfica de dúas parcelas colindantes
- Escritura

OBXECTO:

A documentación achegada non é clara, semella que se pretende:

Peche da parcela con referencia catastral 7889739NH6878N0001UG cara o viario ao que da fronte e peche lateral cara a parcela lindante polo leste.

O peche frontal situarase a 4m do eixe do camiño formado por un muro de bloque split de 0,8m de altura sobre o que se situa malla hercules de 0,6m cunha altura total de 1,4m. Non se indica acceso á parcela.

O peche lateral estará formado por malla de simple torsión cunha altura de 1,5m

Na instancia solicítase que se vaia marcar o peche das parcelas.

Indícase que unha vez notificada a toma de razón da comunicación previa do peche solicitarase a acta de replanteo de aliñacións (e o aboamento do pago da taxa de 80€ segundo a Ordenanza fiscal municipal por expedición de documentos administrativos), na que a técnico municipal indicará a distancia do eixo do camiño ao que se situará o peche. Non é competencia da administración a fixación deslinde entre parcelas privadas.

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

1- Plan Xeral de Ordenación Municipal de o concello de Coirós, aprobado definitivamente o 19 de setembro de 2002, publicada a aprobación no DOG o 07/10/2002 e no BOP xunto coa normativa o 15/10/2002. (PXOM), e posteriores modificacións puntuais.

2- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. (LSG).

3- Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, do 22 de setembro. (RLSG).

4- Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018 de 26 de xullo.

5- Lexislación sectorial de aplicación.

AXUSTE DAS OBRAS AO PLANEAMENTO E NORMATIVAS:

1. O PXOM de Coirós clasifica integramente os terreos obxecto deste informe como SOLO DE NÚCLEO RURAL coa calificación de núcleo rural DISPERSO.

A Disposición transitoria primeira da LSG- *Réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento* establece no apartado 2.c) que ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráse integramente o disposto no planeamento respectivo.

2. Cumprimento dos parámetros urbanísticos:

Considéranse os parámetros dos peches tanto para os situados en aliñacións como entre lindeiros:

Art 165º PXOM	PARÁMETRO:	PROXECTO
	Materiais: deben ser compatibles co medio rural circundante.	Bloque tipo split+ malla tipo Hercule. Malla simple torsion. CUMPRE
	En peches de parcela límitase a altura a 1,5m na parte cega de fábrica seguindo os mesmos criterios de acabado que para as fachadas das edificacións. (Prohibición de bloque gris sen revestir, salvo que sexa tratado especificamente como material de acabado, tixolo cara vista, plaquetas,...).	0,8m+ 0,6m = 1,4m 1,5m CUMPRE

Art 74º PXOM	PARÁMETRO:	PROXECTO
	1. Os peches de parcela situaranse ao borde das aliñacións sinaladas nos planos de ordenación.	4m do eixo CUMPRE
	2. A altura máxima permitida en todos os casos para a parte cega será de 1,6m. Esta altura poderase superar ata os 2,00m con celosía ou forxa así como elementos vexetais.	0,8m+ 0,6m = 1,4m 1,5m CUMPRE
	3. Se poderán construír muros de contención.	Non é o caso
	4. Os materiais utilizados serán aqueles pensados para ser vistos, quedando prohibida a utilización de tixolos, bloque, ou outros materiais similares sen revestir. Queda totalmente prohibida a utilización de arames de espino, cristais, e todos aqueles que poidan por en perigo a integridade física das persoas.	Bloque tipo split+ malla tipo Hercule. Malla simple torsion. CUMPRE
	5. Admitíranse peches de carácter provisional	Non é o caso.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

CONCLUSIÓNS:

De acordo coa comunicación previa e documentación presentada polo interesado, salvo dereito de propiedade e ser perxuízo de terceiros, e tendo en conta todo o anterior, establécense as seguintes conclusións:

- 1.- Segundo a documentación presentada, as obras descritas están sometidas ó réxime de comunicación previa, de acordo co artigo 142º da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- 2.- O Concello de Coirós acusa recibo da execución de obras en réxime de comunicación previa.
- 3.- O interesado declara, baixo a súa responsabilidade:
 - Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na comunicación e documentación que se anexa
 - Que as actuacións que se detallan cumpren coa normativa urbanística e sectorial de aplicación no Concello e que serán executadas de acordo coas condicións xerais e específicas establecidas.
 - Ques e obtiveron todas as autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos necesarios para o inicio da obra, así como concesións administrativas ou autorizacións correspondentes cando o acto pretendido supoña a ocupación ou utilización do dominio público do que sexa titular outra administración pública.
 - Que as obras e os materiais que se empreguen harmonizarán co conxunto do entorno.
 - Que a edificación non está suxeita a ningún tipo de catalogación nin protección histórico-artístico, nin afecta a dominio público.
 - Que non se van realizar obras suxeitas ao deber de obtención de licenza.
- 4.- Neste trámite compróbase que a documentación está completa, é veraz e acomoda inicialmente á legalidade. O procedemento finaliza coa inspección das obras.
- 5.- A inexactitude, falsedade ou omisión de carácter esencial de calquera dato, manifestación ou documento que se incorpora á comunicación previa comporta, tras a audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada, sen perxuízo da incoación do expediente de reposición da legalidade e/ou sancionador que proceda.
- 6.- As obras non poderán iniciarse ata o transcurso de 15 días hábiles contados dende a presentación da comunicación coa documentación completa e deberá finalizarse no prazo fixado na documentación ou no seu defecto nun prazo máximo seis meses.
- 7.- DISPOSICIÓNS EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE: Na execución dos traballos o construtor terá que cumprir as condicións establecidas no artigo 11º do "Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

se establecen as condicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción así como de xestión de residuos da construción.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES:

8.- As posibles cimentación non poderán invadir terreos fora da aliñación oficial a 4m do eixe do viario ao que da fronte.

9.- O peche frontal situarase sobre a aliñación oficial a 4 metros do eixo do camiño

10.- Os materiais e cores serán adaptado ao medio rural no que se atopa.

11.- Na instancia solicítase que se vaia marcar o peche das parcelas.

Indícase que unha vez notificada a toma de razón da comunicación previa do peche solicitarase a acta de replanteo de aliñacións (e o aboamento do pago da taxa de 80€ segundo a Ordenanza fiscal municipal por expedición de documentos administrativos), na que a técnico municipal indicará a distancia do eixo do camiño ao que se situará o peche. Non é competencia da administración a fixación deslinde entre parcelas privadas.

E para que conste aos efectos oportunos, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros expide o presente en Coirós a 18 de maio de 2026

A arquitecta municipal:
Iria Pérez Miranda.

Visto o disposto nos artigos 142.3 e 146 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o seu regulamento.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto núm. 75/2026 ditada o 13/04/2026, pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Declarar completa a documentación presentada, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello.

Segundo.- A obra realizarase tendo en conta as condicións establecidas no informe técnico municipal que se transcribe .

Terceiro.- Aprobar a seguinte liquidación tributaria de carácter provisional da taxa por expedición de documentos administrativos e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas urbanísticas (BOP nº 11 do 16.01.2013):

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

- 1.2.- Servizos urbanísticos:
- 1.2.1.- Tramitación de expedientes de licenzas:
- De obra menor: 10 euros.
-
- Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP n.º 30 do 12.02.2018). Tipo de gravame: 3,5%
Orzamento de execución material: 5.500 €.
Importe : 192,50 €

TOTAL:202,50 €

Cuarto.- Notificar o presente acordo á parte interesada, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

En Coirós, na data da sinatura dixital.
O alcalde,

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5º. Contratacións

5.1. Contrato menor de obras “Mellora de alumeado público en Espenuca Alta e outros. POS+2025 Ad 2a. Expediente: 2026/C002/000008

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Contrato menor de obras “Mellora de alumeado público en Espenuca Alta e outros. POS+2025 Ad 2a.

Expediente: 2026/C002/000008

ANTECEDENTES:

-Visto o acordo adoptado en sesión de Xunta de Goberno Local na data do 05/03/2026:

“Por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor, para a execución da obra “Mellora de alumeado público en Espenuca Alta e outros”, con número de expediente 2026/C002/000008, cun orzamento de 47.603,09 €, e cun valor estimado de 39.341,40 €, mais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

8.261,69 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses. **SEGUNDO.**-Aprobar o gasto por importe 47.603,09 €, con cargo á aplicación orzamentaria 165/60900

TERCEIRO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato menor, dando orden de que se proceda á solicitude de propostas a varias empresas.

As propostas deberán presentarse en arquivo "pdf" asinado dixitalmente, na sede electrónica do Concello de Coirós (<https://sede.coiros.es>), no prazo de cinco días hábiles. "

-Visto que na data do 20/03/2026 toma posesión neste concello de Coirós a nova secretaria-interventora María Cristina Varela García.

-Vistos os pregos de cláusulas administrativas asinados na data do 22/05/2026 que rexerán a contratación da obra "Mellora de alumeadado público en Espenuca Alta e outros", con número de expediente 2026/C002/000008, cun orzamento de 47.603,09 €, e cun valor estimado de 39.341,40 €, mais 8.261,69 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses e subvencionada por a Deputación de A Coruña mediante POS+2025.

- Visto o documento contable de retención de crédito RC núm .220260001496.

-Vista a acta de reformulo previo e informe-criterios de valoración de ofertas emitida por a arquitecta técnica municipal emitida na data 21/05/2026:

"(...) Proxecto de MELLORA DE ALUMEADO PÚBLICO EN ESPENUCA ALTA E OUTROS redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ramón Romero Lojo asinado o 24/12/2025, tendo en conta as aclaracións achegadas por rexistro de entrada o 13/05/2026 (RE-202699900000471) e p 15/05/2026 (RE202699900000472).

Descrición das obras:

Segundo o proxecto e aclaracións achegados a actuación pretendida é a instalación de 35 novas luminarias LED nas seguintes situacións:

LAPELA:

Instalacións de dúas novas luminarias en dous novos báculos conectados con extensión para conexión á rede existente segundo o plano achegado (aclaracións).

COIRÓS DE ARRIBA:

Instalación de de tres novas luminarias en tres novos báculos conectados con dúas extensións para conexión á rede segundo o plano achegado (aclaracións).

COMBARRO:

Instalación dunha nova luminaria en báculo novo a conectar en liña existente segundo o plano achegado (aclaracións).

ESPENUCA:

Retirada e xestión de 24 luminarias de vapor de sodio, colocación de 29 luminarias LED (5 de nova instalación 15-16-20-22 e 24) segundo plano achegado. (aclaracións).



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

INFORMES SECTORIAIS:

Solicitados os preceptivos informes sectoriais obran no expediente os seguintes informes:

INFORME	DATA	CONCLUSIÓN
DEM. DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA	20/05/2025	L-LC-3225 AUTORIZAR (A-6) INFORMAR FAVORABLEMENTE (N-6) Condicións particulares e xerais.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DE OFERTAS

Unha vez comprobado sobre o terreo a realidade xeométrica da obra para a realización do proxecto arriba indicado recoméndase contemplar como criterios de valoración a inclusión das seguintes partidas:

1. AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA (PROXECTO)

O licitador comprometerase a ampliar o prazo de garantía establecido no proxecto en tres (3) anos. Ampliación garantía a cinco (5) anos

Ampliación garantía a máis de cinco (5) anos “

-Visto que se considera conveniente tramitar a licitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) co fin de favorecer a libre concorrência. Así mesmo o uso da PLACSP permite asegurar o segredo das proposicións presentadas polos licitadores, conforme ao artigo 133 (LCSP), mediante un sistema electrónico que impide o acceso as ofertas ata o momento da súa apertura, reforzando así a integridade do procedemento. Outra das motivacións para o uso da PLACSP é o incremento da transparencia, a trazabilidade documental e a publicidade activa do expediente, en concordancia cos principios do artigo 1 e o artigo 63 (LCSP).

-Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación da obra “Mellora de alumeadado público en Espenuca Alta e outros”, con número de expediente 2026/C002/000008, cun orzamento de 47.603,09 €, e cun valor estimado de 39.341,40 €, mais 8.261,69 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses.

SEGUNDO.- Proceder á apertura do procedemento de licitación do presente contrato menor de obras “Saneamento en Coirós de Arriba e Recebes”, a través da PLACSP, procedendo á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante, para que no prazo de cinco (5) hábiles se presenten proposicións.

TERCEIRO.- Proceder a invitar a tres empresas suficientemente capacitadas a participar no procedemento, presentando ofertas, ademais da publicación na PLACSP, co fin de garantir a adecuada comparación de prezos e reforzar os principios de eficiencia e transparencia na tramitación do contrato menor.

1-ECOPOWER TECNOLOGICA S.L

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

NIF: B70488812
ecopowertecnologica@gmail.com
2-CONSTRUCCIONES GROBAS S.L
NIF: B15252323
cnesgrobassl@hotmail.com
3-MONTAXES ELECTRICAS NOROESTE S.L
NIF: B70003199
admin@men.gal

Coirós, na data do 25 de maio de 2026
O alcalde
Francisco Quintela Requeijo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

5.2. Asunto: Contrato menor de obras “Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés. POS+2025 Ad 2a. Expediente: 2026/C002/000009

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Contrato menor de obras “Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés. POS+2025 Ad 2a.

Expediente: 2026/C002/000009

ANTECEDENTES:

-Visto o acordo adoptado en sesión de Xunta de Goberno Local na data do 05/03/2026:

“Por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor, para a execución da obra Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés, con número de expediente 2026/C002/000009, cun orzamento de 35.555,90 €, e cun valor estimado de 29.385,04 €, mais 6.170,86 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por importe 35.555,90 €, con cargo á aplicación orzamentaria 160/60901

TERCEIRO.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato menor, dando orden de que se proceda á solicitude de propostas varias empresas.

As propostas deberán presentarse en arquivo “pdf” asinado dixitalmente, na sede electrónica do Concello de Coirós (<https://sede.coiros.es>), no prazo de cinco días hábiles “

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

-Visto que na data do 20/03/2026 toma posesión neste concello de Coirós a nova secretaria-interventora María Cristina Varela García.

-Vistos os pregos de cláusulas administrativas asinados na data do 15/05/2026, que rexerán a contratación da obra "Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés", con número de expediente 2026/C002/000009, cun orzamento de 35.555,90 €, e cun valor estimado de 29.385,04 €, mais 6.170,86 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido e cunha duración de catro meses e subvencionada por a Deputación de A Coruña mediante POS+2025.

- Visto o documento contable de retención de crédito RC núm 220260001495.

-Vista a acta de reformulo previo e informe-criterios de valoración de ofertas emitida por a arquitecta técnica municipal emitida na data 08/05/2026.

-Visto que se considera conveniente tramitar a licitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP) co fin de favorecer a libre concorrência. Así mesmo o uso da PLACSP permite asegurar o segredo das proposicións presentadas polos licitadores, conforme ao artigo 133 (LCSP), mediante un sistema electrónico que impide o acceso as ofertas ata o momento da súa apertura, reforzando así a integridade do procedemento. Outra das motivacións para o uso da PLACSP é o incremento da transparencia, a trazabilidade documental e a publicidade activa do expediente, en concordancia cos principios do artigo 1 e o artigo 63 (LCSP).

-Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas que rexerán a contratación da obra "Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés", con número de expediente 2026/C002/000009, cun orzamento de 35.555,90 €, e cun valor estimado de 29.385,04 €, mais 6.170,86 € correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

SEGUNDO.-Proceder á apertura do procedemento de licitación do presente contrato menor de obras "Saneamento en Coirós de Arriba e Recebés", a través da PLACSP, procedendo á publicación do pertinente anuncio no perfil do contratante, para que no prazo de cinco (5) hábiles se presenten proposicións.

TERCEIRO.-Proceder a invitar a tres empresas suficientemente capacitadas a participar no procedemento, presentando ofertas, ademais da publicación na PLACSP, co fin de garantir a adecuada comparación de prezos e reforzar os principios de eficiencia e transparencia na tramitación do contrato menor.

Coirós, na data do 25 de maio de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

5.3. Adxudicación contrato menor do “servizo de catering para a XIX festa de pensionistas 2026 do Concello de Coirós”. Expediente 2026/C002/000020

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Adxudicación contrato menor do “servizo de catering para a XIX festa de pensionistas 2026 do Concello de Coirós”. Expediente 2026/C002/000020

ANTECEDENTES:

- Visto o informe de necesidade emitido na data 21/05/2026.
- Vistos os pregos de prescricións técnicas que han de rexer a contratación
- Visto o expediente de contrato menor denominado “servizo de catering para a XIX festa de pensionistas 2026 do Concello de Coirós”, con número de expediente 2026/C002/000020, cun orzamento base de licitación de doce mil novecentos cincuenta e oito euros (12.958,00 €), que supón un valor estimado do contrato de once mil setecentos oitenta euros (11.780,00) €, mais mil centro setenta e oito euros (1.178,00 €) en concepto de 10% de IVE.
- Visto que se solicitaron tres orzamentos as seguintes e cun número de 310 menús,

	NIF	PVP/ persoa (10% IVE non incluído)	Total 310 menús (10% IVE non incluído)	Total 310 menús (10% IVE incluído)
CASA TABOADA RESTAURANTE & CATERING S.L	B70413497	36,00 €	11.160,00 €	12.276,00 €
MANÁ CATERING & EVENTOS	***1669**	38,00 €	11.780,00 €	12.958,00 €
BELU RESTAURACIÓN S.L	B70286760	40,00 €	12.400,00 €	13.640,00 €

e atendendo a criterios de adxudicación baseado na mellora relación calidade-prezo, sendo:

Factor prezo: ata 10 puntos e será valorada de acordo coa seguinte fórmula:

$$P(i) = [(OBL - Of(i)) / (OBL - Om)] \times 10$$

Onde: P(i) = Puntuación da oferta i

OBL = Orzamento base de licitación

Of(i) = Oferta i Om = Oferta máis favorable

A puntuación máxima que se pode acadar na licitación é de 10 puntos.

Considerando que se ten escollido a tramitación do contrato menor, de conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, de 6 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril de 2026 (BOP n.º 75 do 23.04.2026), pola presente elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Primeiro.- Aprobar os pregos de prescricións técnicas que han de rexer a contratación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, mediante contrato menor denominado "Servizo dun catering para a XIX festa de pensionistas 2026 do Concello de Coirós", con número de expediente 2026/C002/000020, cun orzamento base de licitación de doce mil novecentos cincuenta e oito euros (12.958,00 €), que supón un valor estimado do contrato de once mil setecentos oitenta euros (11.780,00) €, mais mil cento setenta e oito euros (1.178,00 €) en concepto de 10% de IVE.

Terceiro.- Autorizar e dispoñer un gasto por importe de 12.276,00 € (IVE incluído), con cargo a aplicación orzamentaria 920.22699.

Cuarto.- Adjudicar o presente contrato a CASA TABOADA RESTAURANTE & CATERING S.L, con NIF B70413497, polo importe total de 12.276,00 €, (310 menús, 36€ prezo unitario ,sen IVE), xa que foi a proposta que obtivo unha mellor puntuación, 10 puntos, sendo a proposta máis vantaxosa.

	NIF	Oferta(OF)	Puntos
CASA TABOADA RESTAURANTE & CATERING S.L	B70413497	12.276,00 €	10,00
MANÁ CATERING & EVENTOS	***1669**	12.958,00 €	0,42
BELU RESTAURACIÓN S.L	B70286760	13.640,00 €	-9,16

Quinto.- O prazo de duración da realización do evento queda fixado para o 5 de xuño de 2026. O xantar dará comezo ás 14:30 horas. O concello resérvase o dereito de poder atrasar ou aprazar a data de realización, sempre e cando existan circunstancias sobrevidas, imprevisibles e irresolubles (debidamente xustificadas) fixando a nova data de acordo coa empresa adjudicataria. O contrato terá unha vixencia desde o día seguinte ao da súa formalización e o prazo de execución comprenderá desde o 3 ata o 5 de xuño de 2026, estimándose unha duración máxima de tres días naturais.

Sexto.- Formará parte da documentación contractual ademais da presente, a proposta do adjudicatario e os pregos de prescricións técnicas.

Sétimo.- Nomear como responsable do contrato a M^a Rosario Cal Dopico, traballadora social do Concello de Coirós.

Oitavo.- O pago tramitárase previa presentación da correspondente factura electrónica a través da plataforma FACE (factura electrónica), <https://face.gob.es/es>. O pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta do adjudicatario.

Datos de facturación:

- Entidade contratante: Concello de Coirós
- Oficina contable: secretaría-intervención- CÓDIGO DIR3: LA0004479
- Órgano xestor: alcaldía- CÓDIGO DIR3: LA0004478
- Unidade tramitadora: Concello de Coirós- CÓDIGO DIR3 LA0004480

Noveno.- Notificar ao adjudicatario, indicándolle que a aceptación da notificación coa sinatura do representante constituirá o documento contractual.

En Coirós, a luns 25 de maio de 2026.

O alcalde

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Francisco Quintela Requeijo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

O alcalde introduce un asunto non comprendido na orde do día por vía de urxencia, dado que o expediente non estaba completo no momento da convocatoria: trátase da aprobación do expediente de contratación do servizo “Concilia Verán 2026” (Expediente: 2026/C004/000003), que comeza o 1 de xullo de 2026, polo que procede aprobalo de inmediato.

Consonte ao disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a urxencia da súa inclusión na orde do día e pasa a tratarse este asunto.

5.4. Aprobación do expediente de contratación do servizo “Concilia Coirós 2026”. Expediente: 2026/C004/000003

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 26 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do expediente de contratación do servizo “Concilia Coirós 2026”. Expediente: 2026/C004/000003

Tendo en conta que o Concello de Coirós ven realizando campamentos adicados ás crianzas dentro dun programa de conciliación familiar financiado pola Xunta de Galicia a través dunha subvención de igualdade, Plan Corresponsables, SI436A, promovido por o CIM, procede iniciar o expediente de licitación do mencionado servizo.

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no prego de prescricións técnicas particulares.

Visto que o orzamento base de licitación, como máximo, ascende a contía de 52.800,00 € (IVE incluído), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto, por razón da contía (art. 156 LCSP),

Visto o informe de necesidade emitido na data do 22/05/2026.

Visto o prego de prescricións técnicas de data 26/05/2026, e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 26/05/2026, propostos pola asesora municipal de igualdade, que constan no expediente.

Vista a memoria xustificativa de data 26/05/2026, na que se xustifica a necesidade desta contratación nos termos do art. 28 da LCSP e pola que se inician os trámites para levar a cabo a contratación, na que se fai referencia aos criterios de adxudicación e as condicións especiais de execución.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Consta informe emitido pola Secretaría-Intervención en data 26/05/2026 respecto do expediente de contratación e pregos, en sentido favorable.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local do Concello de Coirós, por Decreto 75/2026, de 13 de abril, publicado no BOP nº 75 do 23 de abril do 2026., o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar o expediente, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto, e tramitación anticipada do gasto, do servizo “Concilia Coirós 2026”, por importe de cincuenta e dous mil oitocentos euros (52.800,00 € IVE incluído).

Dispónse a apertura do procedemento de licitación, quedando condicionada a adxudicación á resolución de concesión da subvención da Xunta de Galicia, procedemento SI436A.

Segundo.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de prescrición técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares no Perfil do Contratante e na plataforma de contratación do estado.

Coirós, martes de maio de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

6º. Subvencións

6.1. Adquisición novidades editoriais e mellora de fondos bibliográficos. Expediente 2026/A003/000020.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Adquisición novidades editoriais e mellora de fondos bibliográficos. Expediente 2026/A003/000020.

Con data 23 de abril de 2026 publicouse no DOG nº 75 a Orde do 13 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT235A).

Sendo de interese para este concello solicitar esta subvención, á vista do informe-proposta asinada por Pilar Alarza Bermúdez en data 25/05/2026.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente ás subvencións mediante Resolución 75/2026 (BOP nº 75 do 23/04/2026), elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Solicitar as axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, consonte á Orde do 13 de abril de 2026 (DOG n.º 75 do 13 de abril de 2026).

Segundo.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo ao departamento correspondente, a fin de que tramite a solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Coiros, a luns 25 de maio de 2026.

O alcalde

Asinado: Francisco Quintela Requeijo

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

7º. Convenios

7.1. Adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar. Expte. 2026/A005/000001

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 25 de maio de 2026, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar. Expte. 2026/A005/000001

Visto o convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, asinado o 11/03/2026.

Visto o informe-proposta emitido pola educadora familiar en data 08/05/2026.

Consta informe xurídico emitido pola secretaria-interventora o 22/05/2026, en sentido favorable.



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Vista a delegación de competencias efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local no referente á aprobación de convenios, mediante Decreto núm. 75/2026 de data 13 de abril do 2026 (BOP nº 75 do 23 de abril do 2026).

Tendo en conta o exposto, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: Solicitar a adhesión ao convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, asinado o 11/03/2026.

SEGUNDO: Dar traslado dunha certificación deste acordo á FEGAMP e publicalo no portal de transparencia do Concello de Xermade.

Coirós, a 22 de maio de 2026.

O alcalde

Francisco Quintela Requeijo”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as catorce horas e dezaseis minutos (14:16) o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta da que eu, como secretaria, dou fe.

Asinado pola secretaria-interventora, María Cristina Varela García, e polo alcalde, Francisco Quintela Requeijo, no Concello de Coirós, na data expresada á marxe da presente acta.